

“Non é unha obra para comezar senón para descolocar e para abrir camiños novos” dinos o autor ao comezo das súas conclusións, despois de estudar longamente a concepción de Deus na extensa obra de Raimon Panikkar. Sen embargo, algúns dos libros do autor estudado si poden ser excelentes e osixenantes lecturas iniciadoras para quen queira afondar na experiencia da fe, e mesmo os tres primeiros capítulos, dos seis (contando as conclusións) da obra que presentamos.

A investigación de Vitorino Pérez Prieto chega a nós con importantes cartas de recomendación: foi acollido polo propio Panikkar como “excelente traballo”; foi moi ben calificada por un tribunal académico ao ser presentada como tese de doutoramento en teoloxía en Salamanca (2006); foi moi valorada pola prestixiosa editorial Herder ata o punto de editala con esmero; é salientada no prólogo nada menos que como “un dos traballos trinitarios máis importantes dos últimos decenios” polo prestixioso teólogo Xabier Pikaza e, en fin, foi moi ben recibida e recensionada por especialistas da teoloxía interrelixiosa como Melloni. Alegrámonos que un traballador e pensador tan vencellado a Encrucillada, á que ten aportado con xenerosidade moitísimas páxinas, e que tanto leva dado á cultura e á fé cristiá galega (son xa doce ou trece volumes os que nos deu do prelo), vaia recibindo un recoñecemento tan aquilutado fóra tamén de Galicia .

Ao tratarse dunha obra sobre o pensamento de Panikkar, hai que recomendar a lectura previa dos aportes biográficos e da andadura intelectual deste gran pensador catalán e universal, que nos daba o mesmo Victorino noutra obra publicada tamén o ano pasado, *Más allá de la fragmentación de la teología. El saber y la vida: Raimon Panikkar*, da que *Encrucillada* publicou recensión no número 159. Para os que só poidan ler a presente reseña, cómpre dicir que Panikkar (Barcelona 1918) é un persoeiro moi recoñecido a nivel internacional e en moitos aspectos senlleiro: doutor en tres disciplinas distintas como ciencias, filosofía e teoloxía; fillo de catalana e indio, puido mergullarse nas culturas e nas relixións católica e hindú, pois viviu moitos anos na India é coñecedor do sánscrito e gran estudoso das Escrituras sagradas tanto da Biblia como dos Vedas; profesor en varias universidades, e maiormente na de Santa Bárbara de California, domina moitos idiomas e ten publicado directamente (non por traducción) obras súas en castelán, catalán, inglés, francés, alemán, e italiano. Quizáis o mellor apunte para suxerir a súa poliédrica identidade sexa recoñecer nel un home que integrou (el di que harmónicamente, e sobre todo, sen sincretismos) a súa condición de cristián, busdista e hindú e que pensou, dialogou e publicou con fondura sobre a súa experiencia ao mesmo tempo relixiosa (inter e intra-relixiosa) e secular.

Pois ben, a darnos unha achega sobre o que Panikkar pensa respecto a Deus adicou Victorino Pérez a súa tese doutoral que comentamos. Agradecemoslle ese esforzo porque para a maioría dos mortais sería tarefa difícilísima dada a gran diversidade de idiomas no que ese pensamento se expresou (aínda que a maioría traducidos ao italiano) e dada tamén a súa gran dispersión en numerosas publicacións.

Acollendo xa os aportes que sobre Panikkar nos fornece Victorino Pérez Prieto, encontrámonos cun pensamento moi vivo, enraizado nunha experiencia de Deus que se adiviña a cada paso, que se nos reclama tamén como previa, e cara a cal se apunta de cote; un pensamento moi coherente e personalizado (reelaborado durante sesenta anos pero mantendo as intuicións básicas); un pensamento moi humilde e crítico, que constantemente nos lembra a grandeza divina que sobrepasa os nosos pobres intentos de expresión verbal (felizmente hai outras vitais, artísticas, éticas e práxicas); un pensamento moi estimulante porque nos ofrece abundantes pontes de diálogo coa tradición cristián (desde a patrística e a escolástica á mística alemana e castelá) e coa tradición védica: a maioría desde o propio Panikkar, pero tamén cos aportes de Victorino; un pensamento moi actual, pois trátase dun pensador que vive a secularidade e reflexiona a súa relixiosidade analizando tamén as raíces de graves problemas humanos como a ecoloxía ou a violencia humana; e, en fin, un pensamento moi suxerente, aínda que a miúdo paradoxico pero non contradictorio: precisamente a paradoxa en Panikkar tenta que saltemos, unha e outra vez, do estreito camiño da lóxica racionalista cara un entendemento racional pero intuitivo, místico, capaz de análise, pero sobre todo capaz de captar as relacións básicas e fundantes, un pensamento e unha sensibilidade que certa escola hindú chama **advaita** (non dualidade) e da que está moi alonxado o pensamento dominante en occidente

fundamentalmente orientado á análise e á manipulación, ao desentrañamento con poucas antenas para a empatía e a comunión, que bascula entre o *dualismo* (corpo-alma; mundo-Deus; eu –os outros...) e o *monismo* (materialismo, espiritualismo, panteísmo...), que está xerando espiritualidades individualistas e consumistas, competitivas máis que dialogantes e comunionais. Un pensamento que está abocando ao planeta e á civilización á fonda crise ecolóxica e de valores que vivimos. Un pensamento advaita que integra paradoxas, que está presente na cerna da fe cristiá, e que se expresa na confesión de fe cristolóxica: en Xesucristo recoñécense dúas naturezas, a divina e a humana, presentes na mesma persoa sen división e sen confusión.

Ese pensamento, no que toca á busca de Deus, énos presentado por Pérez Prieto en cinco capítulos e unhas conclusións: os tres primeiros son de doada e enriquecedora lectura. O primeiro *Como non se pode e como se debe falar de Deus*, apórtanos interesantes reflexións sobre o discurso relixioso, con crítica metodolóxica e elementos de teoloxía fundamental. O segundo, *A experiencia de Deus*, está cheo de espiritualidade, e aporta toda unha pedagogía para o encontro con Deus, tendendo pontes ademais de coas escrituras védicas, tamén co budismo. O terceiro, *A realidade personal de Deus*, é breve pero substancial, e abre horizontes para outras formas de crer en Deus dun modo personal e *máis que personal*, pero, sobre todo, para non cousificar a Deus que máis que substancia é relación: é posible ser crente e ser crítico cun teísmo que ou ben está ocioso e ausente do mundo ou ben o invade sen deixar espazos para a liberdade. No cuarto capítulo, o máis longo e tamén árduo, dásenos o corpo central do estudo: *A Trindade radical e a intuición cosmo-te-ándrica*; para Pánikkar trátase de recuperar a orixinalidade cristiá do Deus único pero trinitario (que co pensamento advaita da non-dualidade e da relacionalidade impídenos caer nun triteísmo e tamén nunha experiencia de Deus como o Outro ou o ausente) como enriquecemento da tradición monoteísta abrahámica. As reflexións sobre a Trindade de Deus aparecen aquí moi densas por veces, moi enraizadas na tradición tamén, pero vislumbrando case sempre o diferente alcance práctico dunha visión de Deus patriarcal ou relacional. A postura de Panikkar é recoñecer, ademais da Trindade divina, a Trindade radical que une sen confusión pero, de facto, sen separación a Deus, co ser humano e co mundo, que el chama intuición ou perspectiva *Cosmo-te-ándrica*. O quinto capítulo, adicado a *O Cristo cosmoteándrico*, céntrase en Cristo, non tanto en Xesucristo, aínda que tamén, aporta a percepción crística do hinduísmo, reflexiona sobre a relación entre o Xesús da historia e o Cristo da fe e reclámasenos que desde o cristianismo non queiramos exercer o monopolio do coñecemento de Cristo e do acceso a el, pois é unha realidade que non se agota no Xesús histórico de Nazaré e, se ha ser recoñecido como o sobrenome e como o salvador universal, debemos recoñecer que pertence, dalgún modo, a tódalas relixións e mesmo a tódalas persoas e a todo ser, por iso preconízase, máis que unha cristoloxía, (centrada na palabra e no discurso e moi anclada no pasado) unha cristofanía, ou manifestación de Cristo, ensinada pola luz do Nazareno, pero moi aberta aos aportes crísticos das relixións e das persoas máis diversas. Por fin, nas *Conclusións*, a modo de derradeiro e breve capítulo, Victorino que no corpo da obra manifestara clara identificación co seu autor estudado, amosa finalmente un morno apoio, e reservas algo pacatas sobre a súa posible ortodoxia católica e cristiá. En apéndice ven amplísima bibliografía de Panikkar, sobre el, e sobre os temas tratados, así como un amplo glosario de termos sánscritos abundantemente usados na exposición.

O conxunto da obra resulta moi recomendable. Non podemos xulgar sobre a equidade ou perfección acadada á hora de presentarnos o pensamento de Panikkar, aínda que este mesmo calificou o traballo de “excelente”, e menos aínda podemos opinar sobre a xusteza da versión da mística hindú que nos presenta Panikkar, pero si podemos dicir que o que Victorino nos amosa axuda moito a repensar (e re-vivir) o tema de Deus e que se nos dan moitísimas pistas e suxerencias para vislumbrar un Deus máis grande e tamén máis achegado, máis ecuménico e máis noso. Victorino non se limita a darnos o pensamento de Panikkar senón que tamén o relaciona con outros moitos autores, maiormente con Leonardo Boff, Teilhard, Greshake, Moing, Queiruga, Del Cura, Moltmann e un longuísimos etcétera que aparecen nas máis de mil citas (!1132!) do estudo, citas que sen embargo non embarazan a lectura pois veñen colocadas ao final de cada capítulo.

Algún defecto tiña que ter unha obra tan vasta e xenerosa. O principal, ao meu limitado ver, (que para alguén pode ser unha virtude, a da modestia posta ao servizo de dar a coñecer a obra dun autor) e o pouco que se molla o doutor Pérez Prieto á hora das conclusións, á hora de apuntar campos novos desde a luz que se nos suxire en Panikkar, ou de enriquecer mellor algúns dos camiños por el apuntados: especialmente claro resulta isto no que toca ao tema do Xesús histórico e do Cristo da fe, no que só cos aportes da teoloxía feminista e feminina (cf a aportación de Gómez Acebo sobre o distanciamento de moitas pensadoras ante a unilateralidade dun Cristo masculino), que nos consta que Victorino coñece ben, abriría refrendos e perspectivas máis amplas ao aportado por Panikkar. Entendemos que, como o texto foi unha tese doutoral, tivese que ser, se cadra, prudente á hora de defendela ante un tribunal que podía usar non só o baremo do traballo ben feito, senón tamén o da ortodoxia máis segura, pero desde aquela defensa, máis de dous anos anterior á saída deste libro, puido retocar, máis libre e creativamente esas conclusións que nos parecen excesivamente prudentes. Outro defecto pareceunos o apegarse tan ao pé da letra ás palabras literais de Panikkar, facendo do libro un continuo cusido de párrafos ou frases entrecomilladas (e a miúdo non citadas): isto, por un lado, fala da súa fidelidade ao autor estudado, pero por outro lado, dunha certa falta de despegue persoal, e dunha certa confusión pois, como nos di xa o prologuista (e a min paréceme máis unha eiva que unha loanza) “a veces no se sabe distinguir lo que es suyo [de Pérez Prieto] y lo de Panikkar”. Tanto se contaxiou Victorino de Panikkar, que mimetiza o seu estilo e os seus tics: por exemplo os abundantísimos latinismos explicables en quen estudiou a Biblia e a teoloxía en latín pero non nel que o estudiou pouco, e non o domina, e que soan a un eruditismo que non precisa, ou os continuos salientados no texto (a ducia por páxina con palabras en letra itálica) tamén moi de Panikkar, que neste autor se xustifican máis polos seus pedagóxicos xogos de palabras e a súa profundización lingüística, pero que en Victorino poden parecer un innecesario chamar a que recoñezamos o que é bastante obvio. Parécenos que hai non poucas citas de segunda man que non aparecen como tais, e atopamos algún texto repetido literalmente (cousas da informática e do cortar e pegar) dentro desta obra, e tamén con respecto á primeira que sobre Panikkar publicou o mesmo ano pasado da que xa falamos: hai páxinas que se repiten.

Se no adiante nos puidese dar prolongacións creativas da liña tan rica que nos fai entrever en Panikkar serían moi ben vindas, pero divulgar o pensamento deste autor tan preclaro xa foi unha achega de grandísimo merecemento que con gusto agradezo ao Dr Pérez Prieto e recomendo aos lectores de Encrucillada.